

## CONVOCATORIA DA VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE PARA SOLICITAR A CONDICIÓN DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DA UDC OU MODIFICAR A CATEGORÍA NO CURSO 2026/2027

### 1. SOLICITANTES

Poderán solicitar ser incluídas no Programa de deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña (DANUDC) ou modificar a categoría que lles fose previamente recoñecida todas aquelas persoas que pertencen á comunidade universitaria no curso 2026/27 (estudantes, PTXAS, PDI ou PCTI) e cumpran os requisitos que establece a Normativa para deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno o 24/07/2026.

[https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board/EXP2026/008687](https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2026/008687)

### 2. COMISIÓN DE VALORACIÓN

As solicitudes serán valoradas por unha comisión creada para o efecto, con estes membros:

- a) A directora da Área de Deportes
- b) O coordinador da Área de Deportes
- c) Persoal técnico responsable do programa DANUDC da Área de Deportes

A avaliación realizarase seguindo os criterios que establece a Normativa para deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía telemática cubrindo o cuestionario que hai nesta ligazón:

<https://udc.gal/gl/deportes/danudc/>

As e os deportistas que desexen optar ao recoñecemento da categoría III deberán achegar o seu currículo deportivo. En caso de existir dúbidas sobre a valoración da candidatura, poderá levarse a cabo unha entrevista persoal. Una vez feita a solicitude, quen precise empregar as instalacións da UDC antes de se publicar a resolución definitiva de persoas con recoñecemento de DANUDC deberá enviar un correo electrónico ao enderezo <info.deportes@udc.gal> para solicitar o seu uso, sempre que acredite méritos suficientes. As e os deportistas cuxa petición se conceda formarán parte do grupo con «uso provisional das instalacións por solicitude DANUDC» até saír a resolución definitiva de DANUDC.

### 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Hai dous prazos de presentación de solicitudes:

- a) Primeiro prazo, do día seguinte á publicación deste anuncio **até o 15/09/2026**.
- b) Segundo prazo, do **15/12/2026 até o 12/01/2027**.

## 5. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

A solicitude da condición de DANUDC ou da súa modificación ao abeiro deste anuncio implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con base de lexitimidade nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión do Programa de deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente que os seus datos se publiquen na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución da convocatoria permanecerá publicada nestes taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en calquera caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos seus datos coa finalidade descrita neste anuncio. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo en caso de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán ser exercidos da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, na sección dedicada a outros trámites.
- b) Mediante solicitude á responsable do tratamento de datos (UDC, Secretaría Xeral), ao enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ou ao correo electrónico: <[rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)>. Tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante solicitude dirixida á delegación de Protección de Datos da UDC, ao mesmo

endereço postal anterior, ou ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderán presentar as solicitudes a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou dos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte

M.<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro